

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O COLEXIO DE EDUCADORES E EDUCADORAS SOCIAIS DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2023

COMPARECEN

Dunha Parte, a **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** (en adiante, **USC**), con CIF Q1518001A, e domiciliada en Pazo de San Xerome – Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela, e no seu nome e representación o Excmo. Sr. D. Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da USC, segundo Decreto 35/2022 do 17 de marzo da Xunta de Galicia (DOG do 22/03/2022), con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario (BOE de 12/04/2023) e no artigo 85 dos Estatutos da USC, aprobados polo Decreto 14/2014 do 30 de xaneiro da Xunta de Galicia (DOG do 12/02/2014).

Doutra parte, o **COLEXIO DE EDUCADORES E EDUCADORAS SOCIAIS DE GALICIA** (en adiante, **CEESG**), con CIF Q1500270B e domiciliada en Rúa de Lisboa, 20. 15707– Santiago de Compostela e no seu nome e representación Dona Sonia González Rodríguez, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude de Presidenta.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das Entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMERO.– Que a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, Tecnoloxía e Innovación e a Lei 5/2013, de 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, constitúen un marco de referencia para promover a colaboración dos organismos públicos de investigación e as empresas, co fin de dar unha resposta eficaz ás exixencias do cambio tecnolóxico.

SEGUNDO.– Que a USC é unha entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de Formación, Investigación e Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores socio-económicos e as institucións públicas para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura.

TERCERO.– Que o CEESG é unha corporación de dereito público constituída por lei, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins que ten como obxecto e fins ordenar o exercicio profesional en calquera das súas formas de modalidades; representar os intereses xerais relacionados co exercicio da profesión de educación social; cooperar na mellora dos estudos conducentes á obtención do título de educación social; mellorar o nivel de calidade das prestacións profesionais das/dos colexiadas/os, promovendo a súa formación e perfeccionamento; defender os intereses profesionais das/dos colexiadas/dos; velar para que a actividade profesional se adecúe aos intereses da cidadanía; promover o recoñecemento social e profesional da educación social.

CUARTO.– Que o CEESG e a USC consideran esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan realizar un **ESTUDO DIAGNÓSTICO** da situación actual da profesión da Educación Social no contexto galego e tarefas de asesoramento.

QUINTO.– Que o CEESG e a USC dispoñen de persoal técnico e investigador de valía profesional e prestixio recoñecido así como dos medios técnicos adecuados para levar a bo termo as actividades mencionadas.

SEXTO.– Que o CEESG e a USC confían nos medios dos que dispoñen para afrontar estas tarefas, polo que se inicia a colaboración entre ambas institucións coa fin de conseguir estes obxectivos.

Por todo isto, formalizan o presente Convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.– FINALIDADE DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

A través do presente Convenio establécense os termos e condicións polas que se rexerá a colaboración entre a USC e o CEESG para o estudo diagnóstico e análise da situación da profesión do educador/a social en Galicia (en adiante, *EDUSOGAL*) e o desenvolvemento dun proxecto piloto de Educación Social na escola (IES Menéndez Pidal, A Coruña)

SEGUNDA.– DURACIÓN DO TRABALLO

Este Convenio será válido tras a súa firma por todas as *Partes* e a súa duración estenderase ata o 31/12/2024 podendo ampliarse de mutuo acordo se as investigacións e desenvolvementos non produciran o froito esperado e as *Partes* consideran oportuna a súa prosecución. Neste caso, e con anterioridade á finalización do Convenio, subscribirán unha prórroga ao efecto.

TERCEIRA.– COMPROMISO ENTRE AS PARTES:

Coa finalidade de acadar os obxectivos pretendidos mediante a sinatura deste convenio, ambas partes comprométense ao seguinte:

- A USC, a colaborar no deseño e realización dun estudo diagnóstico da situación da profesión da Educación Social (*EDUSOGAL*), poñendo a disposición do CEESG o coñecemento dos recursos humanos que se enumeran no anexo técnico.
- O CEESG, a colaborar no deseño e realización dun estudo diagnóstico da situación da profesión da Educación Social (*EDUSOGAL*), poñendo a disposición da USC o coñecemento dos recursos humanos que se enumeran no anexo técnico, e o seu local (situado na Rúa Lisboa, 20. Santiago de Compostela) para a realización de reunións de traballo.

CUARTA.– CONTRAPRESTACIÓN ECONÓMICA

Non se contemplan contraprestacións económicas entre as *Partes* no presente Convenio. As actividades que as *Partes* desenvolvan no curso da colaboración definida no mesmo serán asumidas por cada unha delas, segundo corresponda ao seu ámbito de actuación.

QUINTA.– RESPONSABILIDADE DO TRABALLO

Para o correcto seguimento do *Proxecto* desde o punto de vista científico-técnico os interlocutores válidos serán:

Pola USC:

Polo CEESG:

Prof. Dr. Dona Laura María Varela Crespo
Dpto. Pedagogía e Didáctica
Facultade Ciencias da Educación
Universidade de Santiago de Compostela
Campus
15782-Santiago de Compostela
Tel: 981 563 100 ext. 13748
Correo-E: laura.varela@usc.es

Dona. Sonia González Rodríguez
Presidenta do CEESG
Rúa Lisboa 20,
15707- Santiago de Compostela
Tel: 981552206
Correo-E: presidencia@ceesg.gal

SEXTA.– SEGUIMIENTO DO TRABALLO

Para facilitar o seguimento e cumprimento dos traballos a desenvolver constituirase unha Comisión Mixta paritaria integrada polo Vicerreitor de Política Científica, ou persoa en quen delegue, da USC, e a presidenta do CEESG ou as persoas designadas en substitución nun prazo de trinta (30) días, contados a partir da data de sinatura do presente Convenio.

A Comisión Mixta ditará as súas normas internas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das Partes e, en todo caso, ao menos unha (1) vez ao ano.

SÉTIMA.– CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN E PROPIEDAD DOS RESULTADOS

As *Partes* manterán confidencialidade tanto daquela información institucional, científica ou técnica que non sexa de dominio público á que tivesen acceso no marco da súa colaboración en virtude do presente Convenio, como aquela outra información relacionada cos datos, coñecementos e resultados xerados durante o desenvolvemento e como consecuencia dos traballos directamente imputables á execución do proxecto *EDUSOGAL*. Dita información Confidencial non será utilizada para outros propósitos alleos ao Proxecto.

As *Partes* comprométense a respectar as normas de confidencialidade dispostas na Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, e o Regulamento de protección de datos 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

Os resultados derivados do desenvolvemento deste Convenio non incluídos no ámbito de aplicación da normativa de propiedade intelectual corresponden a ambas partes, que poderán reproducilos e divulgalos para fins propios das mesmas.

Na difusión de resultados farase sempre mención ao presente Convenio.

Aqueles resultados obtidos susceptibles de protección respecto á súa propiedade intelectual poñeranse, por parte dos interesados, en coñecemento dos responsables do Convenio, que adoptarán as medidas ao seu alcance para que se respecten os dereitos derivados da normativa vixente nesta materia.

7.1. Información Pública.– o CEESG autoriza á USC a dar información pública da firma deste Convenio na que se poderá incluír título, orzamento, e prazo de realización.

OITAVA.– PARTICIPACIÓN DOS INVESTIGADORES E COLABORADORES DA USC

A USC poderá contratar persoal e/ou nomear colaboradores ao persoal técnico e administrativo que o bo funcionamento das actividades obxecto do presente Convenio requira, de acordo co establecido no Regulamento de colaboración do Persoal de Administración e Servizos desta Universidade en Cursos e Convenios de investigación vixente na USC, e de acordo coa normativa vixente de incompatibilidades de persoal ao servizo das Administracións Públicas.

NOVENA.– RELACIÓN LABORAL CO CEESG

A subscrición do presente Convenio non conleva relación laboral contractual, ou de calquera outro tipo, de forma que non se lles poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMA.– MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

10.1. Modificación e resolución do Convenio

O presente Convenio de colaboración poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a formalización do oportuno acordo de modificación, que deberá ser subscrito con anterioridade á expiración do prazo do mesmo.

O presente Convenio, poderá ser resolto por calquera das *Partes*, previo aviso á outra, cunha antelación mínima de dous meses.

Serán causas de resolución do presente Convenio as seguintes:

- a) A denuncia, formulada por escrito, por calquera das partes, a cal producirá efecto de dous meses despois da recepción do escrito en que se formule pola contraparte.
- b) O incumprimento das cláusulas do Convenio.
- c) O mutuo acordo das *Partes*.

As *Partes* poderán negociar a posibilidade de continuar cos traballos de investigación obxecto deste Convenio tras a finalización do mesmo, reflectíndoo nun novo Convenio onde se establecerán as novas condicións en canto a traballos a realizar e duración do mesmo. No caso de non chegar a ningún acordo darase por finalizado o Convenio.

10.2. Obrigacións tras a terminación do Convenio.– Calquera que sexa a causa de finalización do Convenio, cancelación, resolución ou fin do período de vixencia acordado, non supoñerá para ningunha das *Partes* a terminación dos acordos e obrigacións contraídas no mesmo, no referente ás cláusulas Oitava e Novena.

UNDÉCIMA.– XURISDICIÓN.

As *Partes* comprométense a resolver de forma amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente Convenio.

No seu caso, as *Partes* someteranse ás diverxencias que puidesen presentarse en orde á interpretación ou cumprimento do presente Convenio á xurisdición Contencioso–Administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asínase por duplicado o presente documento na data da sinatura electrónica.

Pola USC

Polo CEESG

D. Antonio López Díaz
Reitor

Dona. Sonia González Rodríguez
Presidenta

ANEXO TÉCNICO

Desde o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia en colaboración coas universidades galegas que imparten o título de Grao en Educación Social, preténdese realizar un estudio diagnóstico en torno á situación da profesión das educadoras e educadores sociais no contexto galego.

Tras o desenvolvemento da formación universitaria para esta figura profesional desde a década dos 90 e o percorrido xa consolidado no quefacer profesional en diversos ámbitos de intervención (infancia e mocidade, persoas maiores, educación familiar, desenvolvemento comunitario, etc.), resulta fundamental realizar unha investigación (*EDUSOGAL*) que permita coñecer o labor dos educadores e educadoras sociais nos diferentes ámbitos de actuación, así como indagar na súa formación inicial e permanente, nas funcións que desempeñan nos espazos de intervención, no grao de satisfacción co exercicio profesional, na súa visión en torno aos obxectivos do colexio profesional e a súa consecución, así como nos desafíos e propostas de mellora futuro para a profesión. Trátase dun estudo-diagnóstico de relevancia que permite recoller información de interese para CEESG, no coñecemento da actualidade da profesión e o desenvolvemento dos seus cometidos, e para as Universidades, na análise das necesidades formativas dos/as egresados/as e das súas demandas e propostas de mellora.

1.- OBXECTIVO

De acordo, co indicado anteriormente, obxectivo xeral céntrase en co-deseñar e desenvolver co CEESG unha diagnose acerca da situación actual profesión da Educación Social en Galicia, que se concreta nos seguintes obxectivos de carácter específico:

- Coñecer os principais ámbitos de acción profesional dos educador/as sociais en Galicia na actualidade.
- Analizar as necesidades formativas, tanto iniciais como en servizo, da profesión.
- Estudar as funcións que desempeñan os educadores/as sociais nos seus espazos de intervención profesional (específicas, compartidas, etc.)

- Analizar o grao de satisfacción co exercicio profesional.
- Identificar demandas e propostas de futuro para a mellora da profesión.

Ademais, no marco do convenio, prevese realizar co CEESG o desenvolvemento dun proxecto piloto de incorporación de profesionais da Educación Social nos centros escolares de Galicia.

2.- PLAN DE TRABAJO

O proxecto desenvolverase nos anos 2023 e 2024 podendo prorrogarse, como máximo, ata o 31/12/2026.

Actividade 1: Diagnose EDUSOGAL

2023

Abril	- Xuntanzas iniciais para delimitar o Proxecto e definir o convenio de colaboración entre a USC e o CEESG
Maio Xuño	- Deseño do instrumento de recollida de información (cuestionario)
Xullo	- Aplicación do instrumento de recollida de información (cuestionario)
Setembro	- Análise de datos dos cuestionarios - Deseño do protocolo dos grupos de discusión con profesionais - Divulgación dos resultados preliminares na II Convivencia interuniversitaria en Educación Social
Outubro Novembro	- Análise e interpretación dos datos dos cuestionarios - Desenvolvemento dos grupos de discusión con profesionais
Decembro	- Transcrición dos grupos de discusión

2024

Xaneiro Febreiro	- Análise dos grupos de discusión
Marzo Decembro	- Elaboración do informe de resultados (EDUSOGAL)
	- Divulgación de resultados entre o colectivo profesional (xornadas, seminarios, formatos dixitais, etc.).
	- Presentación dos resultados na III Convivencia interuniversitaria en Educación Social
	- Difusión de resultados en revistas de perfil profesional e científico

Actividade 2: Desenvolvemento dun proxecto piloto de Educación Social na escola (IES Menéndez Pidal, A Coruña)

2023

Xullo Setembro	- Xeración da rede de traballo - Xuntanza inicial do proxecto - Elaboración do plan de traballo en coordinación co CEESG
Outubro	- Presentación do proxecto no IES á comunidade educativa
Novembro Decembro	- Colaboración na análise da realidade e valoración do clima convivencial no IES

2024

Xaneiro Xuño	- Asesoramento no desenvolvemento do proxecto
Xullo Setembro	- Avaliación do proxecto piloto
Novembro Decembro	- Propostas e difusión de resultados

3.– EQUIPO DE TRABAJO

Pola USC

M. Carmen Morán de Castro

Germán Vargas Callejas

Laura M^a Varela Crespo– *Coordinadora*

Pola CEESG

Sonia González Rodríguez (CEESG–Presidencia)– *Coordinadora*

Natalia Domínguez Galán (CEESG–colexiada)

4.– LUGAR DE TRABAJO

USC:

Facultade de Ciencias da Educación, Campus Vida

Rúa Prof. Vicente Fráiz Andón, s/n, 15782 Santiago de Compostela

CEESG:

Sede: Rúa Lisboa, 20. 15717–Santiago de Compostela